XORNADA SOBRE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XÉNERO: OS DESAFÍOS DA IGUALDADE NA FUNCIÓN PÚBLICA.

Lugo, 30 de outubro de 2006. A Coruña, 6 de novembro de 2006. L. Ferrol, 7 de novembro de 2006. Pontevedra, 13 de novembro de 2006.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
JUSTIZA



*Xornadas sobre administración pública e xénero:
os desafíos da igualdade na función pública.*
EGAP, Santiago de Compostela, 21/11/2006

II Encontro sobre a economía e xestión das emerxencias.
EGAP, Santiago de Compostela, 24/11/2006



D. Francisco Ramos Fernández- Torrecilla
Director do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)

Acto inaugural do curso académico
da EGAP 2006: conferencia do
director do INAP e entrega do
premio Manuel Colmeiro 2005
EGAP, Santiago de Compostela,
22/02/2006



c o n f e r e n c i a

FORMACIÓN e SELECCIÓN no marco do
ESTATUTO BÁSICO do empregado PÚBLICO

22|febreiro|06|santiago de compostela

Conferencia de Francisco Jarauta Marión.
"A Construcción da cidade xenérica". 10/05/2006



Conferencia de Francisco Javier Velázquez López.
EGAP, Santiago de Compostela, 22/09/2006



| denominación curso | nº edicións | nº prazas/ asistentes | nº horas | obxectivos | destinatarios | lugar de celebración | data/as |
|---|-------------|-----------------------|----------|---|---|------------------------|--|
| Conferencia de Juan Miguel Márquez | 1 | 50 | 2 | Título: A sociedade de información e as administracións públicas: Lei de Administración electrónica. | Interesados en xeral. | EGAP | 27/09/06 |
| Conferencia de Joan Prats | 1 | 50 | 2 | Título. Reinención do Goberno e boa gobernación. | Interesados en xeral. | EGAP | 10/11/06 |
| Conferencia de Jordi Sevilla Segura | 1 | 100 | 2 | Título. El nuevo impulso a lo local. | Interesados en xeral. | EGAP | 20/11/06 |
| Celebración do Día das Letras Galegas 2006 | 1 | 90 | 14 | A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2006 a Manuel Lugris Freire. Por este motivo, a EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un coloquio sobre a literatura galega no momento actual, así como unha viaxe de interese cultural polos escenarios nos que se desenvolveu boa parte da vida de Manuel Lugris Freire. | Persoal das administracións públicas de Galicia e interesados en xeral. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas). | EGAP | 16/05/06 17/05/06 |
| Seminario sobre os procedementos administrativos transversais | 1 | | 20 | Estudo e debate sobre o procedemento administrativo local e a súa incardinación cos procedementos doutras Administracións públicas, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de elaborar guías ou manuais así como material didáctico para os cursos. | Persoal de Administración local. | Santiago de Compostela | 16/01/06 06/02/06 07/02/06 06/03/06 07/03/06 |
| Seminario sobre a fiscalización da actividade urbanística das corporacións locais | 1 | | 20 | Estudo e debate sobre a función de fiscalización do urbanismo co obxecto de elaborar guías ou manuais así como material didáctico para os cursos | Persoal de Administración local. | Santiago de Compostela | 22/02/06 07/03/06 08/03/06 20/03/06 21/03/06 |

Conferencia de Joan Prats.
EGAP, Santiago de Compostela, 10/11/2006



Conferencia de Jordi Sevilla Segura.
EGAP, Santiago de Compostela, 20/11/2006





Celebración do Día das Letras Galegas 2006.
EGAP, Santiago de Compostela, 17/05/2006

| denominación curso | nº edicións | nº prazas/ asistentes | nº horas | obxectivos | destinatarios | lugar de celebración | data/as |
|--|-------------|-----------------------|----------|--|--|--|--|
| Seminario sobre a fiscalización de subvencións outorgadas polas corporacións locais | 1 | | 20 | Debater en profundidade sobre a normativa vixente de subvencións co obxecto de: elaborar guías ou manuais así como material didáctico para os cursos. | Persoal de Administración local. | Santiago de Compostela | 22/02/06 07/03/06 08/03/06 20/03/06 21/03/06 |
| Seminario de formación sobre o Programa Xuventude (en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar) | 1 | 30 | 30 | Que os participantes adquiren unha formación ampla e eminentemente práctica sobre o programa Xuventude, en todas as súas accións; e, que tomen conciencia do valor pedagóxico dos intercambios e do seu papel como vehículo intercultural. Que adquiren unha formación básica e práctica na planificación, xestión e realización das distintas accións do programa. Que sirvan de axentes multiplicadores do programa, potenciando e impulsando no seu medio a realización de proxectos. Coñecer experiencias reais levadas a cabo por grupos de mozos/as e fomentar o mutuo coñecemento entre as organizacións e participantes. | Responsables do programa na Dirección Xeral de Xuventude, servizos provinciais de Xuventude, técnicos xuvenís dos concellos, informadores xuvenís, responsables de asociacións, entidades e grupos xuvenís, directivos de escolas de tempo libre, animadores socioculturais, dinamizadores de xuventude que sexan posibles organizadores de proxectos de intercambio dentro do programa Xuventude. | Santiago de Compostela | 16/01/06 17/01/06 23/01/06 30/01/06 |
| 5º Seminario de xestión pública local (en colaboración co Concello da Coruña) | 1 | 35 | 15 | Ampliar os coñecementos e a capacidade dos participantes en temas específicos de xestión. | Persoal dos grupos A e B. | A Coruña. | 23/10/06 |
| Xornadas parasitoxía (en colaboración coa Consellería do Medio Rural) | 1 | 50 | 16 | Difusión dos coñecementos actuais en epidemioloxía, diagnóstico e control das parasitoses no noso país. | Profesionais e estudantes relacionados co campo da sanidade e a produción agroalimentaria. | Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo | 29/11/06 a 01/12/06 |

| denominación curso | nº edicións | nº prazas/ asistentes | nº horas | obxectivos | destinatarios | lugar de celebración | data/as |
|--|-------------|-----------------------|----------|---|---|----------------------|----------|
| Xornada internacional sobre políticas de integración de inmigrantes e boas prácticas (en colaboración co Instituto Nacional de Administración Pública) | 1 | 70 | 7 | Análise das políticas de integración de inmigrantes no ámbito central, autonómico e local. | Persoal ao servizo da Xunta de Galicia, da Administración local galega, doutras administracións, científicos sociais, estudantes, profesionais sanitarios de atención primaria, profesorado e interesados en xeral. | EGAP | 27/11/06 |
| Participación nas probas selectivas de acceso á subescala de secretaria, categoría de entrada, en colaboración co INAP | 1 | | | Convocatoria: Orden do 28 de setembro de 2005, do Instituto Nacional de Administración Pública. Tribunal Cualificador: Resolución do 26 de decembro de 2005, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 2-01-06). Tribunal nº 8 de Galicia | | | |
| Participación nas probas selectivas de acceso á subescala de intervención-tesourería, categoría de entrada, en colaboración co INAP | 1 | | | Convocatoria: Orden do 28 de setembro de 2005, do Instituto Nacional de Administración Pública. Tribunal Cualificador: Resolución do 26 de decembro de 2005, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 2-01-06). Tribunal nº 7 de Galicia | | | |
| Participación nas probas selectivas de acceso á subescala de secretaria-intervención, en colaboración co INAP | 1 | | | Convocatoria: Orden do 28 de setembro de 2005, do Instituto Nacional de Administración Pública. Tribunal cualificador: Resolución do 26 de decembro de 2005, do Instituto Nacional de Administración Pública (BOE do 2-01-06). Tribunal nº 11 de Galicia | | | |

06.

Investigación

6.1. Bolsas de investigación

| denominación | nº bolsas | nº solicitudes | convocatoria e obxectivos | destinatarios | adxudicación | unidade responsable |
|--|-----------|----------------|---|--|--------------------------------------|--|
| Bolsa: Linguaxe administrativa inglesa | 1 | 34 | Convocatoria: <i>DOG</i> núm. 2, do 3 de xaneiro de 2006. Obxectivos: A realización na EGAP de estudos e prácticas sobre a linguaxe administrativa inglesa. | Licenciados en filoloxía inglesa. | Resolución do 24 de febreiro de 2006 | Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións |
| Bolsa: Linguaxe administrativa galega | 2 | 90 | Convocatoria: <i>DOG</i> núm. 2, do 3 de xaneiro de 2006. Obxectivos: A realización na EGAP de estudos e prácticas sobre a linguaxe administrativa galega. | Licenciados na especialidade de filoloxía galega, filoloxía hispánica (subsección galego-portugués) ou tradución (con galego como lingua A). | Resolución do 21 de marzo de 2006 | Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións |
| Bolsa: Biblioteconomía e documentación | 3 | 94 | Convocatoria. <i>DOG</i> núm. 2, do 3 de xaneiro de 2006. Obxectivos. A execución de tarefas de biblioteconomía e documentación na biblioteca da escola | Diplomados ou licenciados en biblioteconomía e documentación ou equivalente que neste último caso acredite expresamente ter feita a especialidade en bibliotecas. | Resolución do 31 de marzo de 2006 | Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións |
| Bolsa: Iniciación á investigación en materias relacionadas coas políticas públicas | 6 | 60 | Convocatoria: <i>DOG</i> núm. 2, do 3 de xaneiro de 2006. Obxectivos: A participación nas tarefas de investigación que lles encomende a escola así como a formación nos métodos e técnicas utilizados preferentemente na investigación social aplicada. | Licenciados en dereito, socioloxía, ciencias políticas, ciencias económicas, psicoloxía ou xeografía e historia. | Resolución do 24 de febreiro de 2006 | Xefatura de Estudos |
| Perfeccionamento á investigación en materias relacionadas coas políticas públicas | 2 | 16 | Convocatoria: <i>DOG</i> núm. 2, do 3 de xaneiro de 2006. Obxectivos: A realización na sede da EGAP de estudos e prácticas sobre materias xurídico-administrativas ou político-administrativas. | Titulados superiores que, ademais de ser doutores ou ter concluídos os cursos de doutoramento e ter obtido o recoñecemento da suficiencia investigadora, teñan experiencia investigadora e desexen perfeccionar os seus coñecementos en métodos e técnicas de investigación social aplicada. | Resolución do 24 de febreiro de 2006 | Xefatura de Estudos |

6. 2. Premios

| denominación | dotación | obxectivos | destinatarios | modalidade | adjudicatario/a | título traballo premiado | unidade responsable |
|---|---|--|---|--|--|---|--|
| XV edición do Premio Manuel Colmeiro | 4.510 euros | Fomentar estudos e traballos e distinguir traballos de estudo e investigación sobre as administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia desde unha perspectiva xurídica, económica, sociolóxica, etc. Os traballos poderán versar sobre a súa organización, estrutura, funcións e ámbitos competenciais, podendo abordar a investigación desde calquera perspectiva, xa sexa histórica, xurídica, administrativa, política, sociolóxica, económica, etc. | Persoas individuais ou equipos de traballo formados para o efecto de calquera nacionalidade dos estados membros da Unión Europea. | - | Margarita Barral Martínez | <i>A Administración local en Compostela na "era monterista"</i> | Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións |
| I edición dos Premios á calidade dos materiais didácticos | 2.530 euros por cada unha das modalidades | Fomentar e distinguir os mellores materiais didácticos no eido da formación nas administracións públicas, en soporte impreso, multimedia e <i>on line</i> . | Poderán concorrer á convocatoria dos premios todos os órganos, organismos, unidades ou entidades dependentes da Xunta de Galicia, entidades locais, sindicatos e universidades galegas, a excepción do órgano convocador, ou persoa física ou xurídica que teña desenvolvido materiais para a execución de formación das administracións públicas no período 2004, 2005 ou 2006. Cada entidade ou persoa só poderá concursar nunha das modalidades previstas na convocatoria. | Modalidade A: Material didáctico en soporte impreso. | Antonio P. Cid González | <i>Diccionario básico para xordos</i> | Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións |
| | | | | Accésit para modalidade A | Rosa Mary González Seijas e Fernando Cuetos Vega | <i>Procesos cognitivos implicados en el aprendizaje de la lectura y escritura</i> | |
| | | | | Modalidade B: Material didáctico en soporte multimedia. | Declarado deserto | - | |
| | | | | Modalidade C: Material didáctico en soporte <i>on line</i> | José Iglesias Iglesias | <i>Curso de proceso penal</i> | |

Entrega do premio Manuel Colmeiro 2005 no Acto inaugural do curso académico da EGAP 2006.

EGAP, Santiago de Compostela, 22/02/2006



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

22/febreiro/06



EGAP | santiago de compostela



confe
FORMACIÓN E SEL
ESTATUTO BÁSICO d

22/febreiro/06

6.3 Estudos - Liñas de investigación

O Plan de Actividades da EGAP para o ano 2006 establecía, no seu apartado 6.3, o obxectivo de “desenvolver novas liñas de investigación dedicadas a xerar un coñecemento científico-social orientado inicialmente a dous fins: subministrar á Administración autonómica instrumentos útiles para a mellor solución dos diversos problemas sociais que ten que abordar no desenvolvemento das súas funcións, e proporcionar aos axentes sociais e ao conxunto da sociedade galega materiais para o autocoñecemento e o debate informado”.

O cumprimento deste obxectivo xeral traducíuse ao longo do ano 2006 no desenvolvemento das seguintes liñas de investigación:

1. Posta en funcionamento dun “**sistema de información sobre a sociedade galega no eido da Administración pública**”, dirixido a crear un instrumento de obtención de información sobre as percepcións que os cidadáns galegos teñen sobre a Administración autonómica, os servizos públicos e a súa incidencia na situación da Comunidade Autónoma. A realización deste traballo foi encargada á empresa “Q-Índice”, a resultas dun concurso convocado por resolución de 8 de marzo de 2006 do director da EGAP (DOG nº 51, de 14 de marzo de 2006) e a súa execución foi realizada baixo a supervisión do persoal (xefe de estudos e bolseiros de perfeccionamento na investigación social) da “Unidade de Investigación” da EGAP.

A realización deste proxecto implicou a realización de dúas enquisas á poboación xeral de Galicia (cada unha delas cunha mostra de 2.000 suxeitos) e outras dúas dirixidas a empresas localizadas na Comunidade Autónoma (cunha mostra de 800 empresas en cada enquisa) e a explotación da información xerada por estas enquisas.

2. Realización dun **estudo de “detección de necesidades formativas do persoal ao servizo da Administración autonómica”**, cuxa finalidade é a de proporcionar un diagnóstico sistemático das necesidades e demandas ás que debe atender a política de formación desenvolvida pola propia EGAP. Trátase de obter información sobre onde se necesita formación, cal debe ser o seu contido e que persoas da organización se deben formar en cada tipo de coñecementos e capacidades, tendo en conta tanto os obxectivos xerais da Xunta de Galicia como as competencias específicas de cada tipo de posto de traballo.

A realización deste estudo foi encargada a un grupo de investigadores das Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, a través dun convenio entre a EGAP e estas dúas Universidades, e a súa execución foi realizada baixo a supervisión da “Unidade de Investigación” da EGAP.

3. O traballo consistiu en catro fases. Primeiro, redacción dun proxecto, que foi publicado como nº 2 da colección de “documentos de traballo” da EGAP. Segundo, recollida da información necesaria para a análise dos niveis organizativo e de postos de traballo, mediante entrevistas en profundidade e grupos de discusión. Terceiro, recollida de información sobre necesidades formativas dos individuos integrantes da cadro de persoal da Xunta de Galicia, por medio dunha enquisa por cuestionario a unha mostra representativa formada por 754 suxeitos. Cuarto, explotación dos datos.

4. Posta en marcha dunha **investigación sobre “políticas públicas urbanas, formación da axenda e estruturas de gobernación en áreas metropolitanas”**, dirixida tanto a determinar que factores inciden no deseño das axendas públicas das áreas metropolitanas (e, fundamentalmente, quen e como diseña a axenda das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña) como a avaliar as potenciais estruturas de gobernanza que poderían dar resposta ás necesidades destas conurbacións.

Esta investigación é deseñada, dirixida e desenvolvida polo persoal da “Unidade de investigación” da EGAP. Consiste en cinco fases. Primeiro, delimitación das áreas urbanas funcionais de Vigo e A Coruña. Segundo, realización dun mapa de competencias e servizos dos concellos integrantes das áreas de Vigo e A Coruña. Terceiro, recollida e explotación de información sobre os axentes sociais e económicos

máis relevantes que están presentes nestas áreas e sobre a rede de relacións existente entre eles, mediante a aplicación dunha análise formal de redes sociais. Cuarto, obtención e explotación de información sobre a percepción que diferentes actores políticos, económicos e sociais das devanditas áreas teñen sobre os temas que forman a axenda pública, sobre o poder, centralidade e relevancia doutros actores, e sobre os mecanismos que gobernan a formación da axenda dentro de cada área de política. E quinto, avaliación, a partir da integración destas diversas perspectivas, da capacidade potencial de diferentes estruturas de gobernación supramunicipal para dar resposta ás necesidades da poboación destas conurbacións.

Este traballo comprende a realización de doce grupos de discusión e vinte e catro entrevistas en profundidade a actores políticos, sociais e económicos considerados informantes clave, e a administración dun cuestionario aos secretarios de trinta e sete concellos.

As tres primeiras fases foron realizadas ao longo do ano 2006. A cuarta e a quinta foron deseñadas e serán executadas no vindeiro ano.

5. Realización dunha **“análise da poboación dependente en Galicia e detección das súas necesidades asistenciais”**, baseado na explotación de fontes secundarias e dirixido cara á avaliación das demandas ás que terá que dar resposta a

Comunidade Autónoma como consecuencia da implantación do “Sistema Nacional de Dependencia”.

O resultado deste traballo foi a redacción dun “informe preliminar”, que será completado e revisado para a súa publicación.

6. Posta en funcionamento dun **proxecto sobre “formación de familias e natalidade en Galicia”**, deseñado, dirixido e executado polo persoal da “Unidades de Investigación” da EGAP. Este proxecto, que ten un carácter plurianual, pretende dar conta das causas que subxacen á marcada tendencia á redución da natalidade en Galicia, para a posterior formulación de políticas que favorezan o cambio de tendencia e elevación das taxas de fecundidade. En particular, a investigación pretende identificar –e determinar a influencia que teñen- dous tipos de factores: por un lado, as limitacións obxectivas e restriccións estruturais, tanto materiais como sociais, que operan nas institucións e nos mercados (familiares e de parentesco, laborais e de vivenda) e que poden obstaculizar a realización dos proxectos reprodutivos dos individuos e familias; e, por outro lado, os que teñen que ver con transformacións dos valores e prioridades vitais dos cidadáns, que dan lugar a un cambio dos propios proxectos e intencións. A finalidade última da investigación é deseñar estratexias de intervención pública nun eido de especial relevancia estratéxica para o desenvolvemento demográfico, económico e social de Galicia.

Este proxecto contempla un complexo deseño que inclúe a combinación de tres estratexias de captación e análise de información. Primeiro, unha análise sistemática de fontes estatísticas que permita unha diagnose da situación de Galicia no marco dunha comparación sistemática con outras comunidades españolas e rexións europeas. Segundo, a obtención de información cuantitativa a través dunha enquisa (en realidade, da primeira fase dunha enquisa-panel á que se fai referencia máis abaixo). Terceiro, a exploración da lóxica e determinantes do proceso de decisión da maternidade / paternidade, a través da información proporcionada por historias de vida, entrevistas en profundidade e grupos de discusión. Isto implica a realización dunha enquisa á poboación galega (sobre a que se dan detalles adicionais máis adiante), e de 13 grupos de discusión e 30 entrevistas en profundidade a mulleres en idade fértil.

Ao longo do ano 2006 o persoal da “Unidade de Investigación” da EGAP fixo o deseño da investigación, desenvolveu unha parte substancial da análise de datos secundarios, realizou o traballo de campo cualitativo, e deseñou a enquisa-panel.

7. Inicio dunha liña de investigación sobre análise e avaliación de políticas públicas da Xunta de Galicia, que ten como horizonte a creación dun observatorio de políticas públicas autonómicas que contribúa a fundamentar empiricamente a toma de decisións e

a avaliar criticamente os efectos da intervención da Administración en diferentes ámbitos sectoriais. A pretensión da EGAP é ir consolidando progresivamente esta liña de traballo, partindo dun proxecto piloto centrado nunha área concreta e ampliando progresivamente a cobertura a novas áreas sectoriais. Na primeira fase, desenvolvida no ano 2006, o traballo centrouse nun **proxecto de análise e de avaliación das políticas autonómicas en materia de seguridade e policía**, encargado a un grupo de investigadores da Universidade de Vigo, mediante o establecemento dun convenio entre esta institución e a EGAP.

8. Posta en marcha dunha **investigación sobre “descentralización política e coordinación intergubernamental nun sistema de goberno multinivel”**, que se centra no estudo dos problemas de cooperación e coordinación entre distintos niveis de goberno no Estado autonómico español. A pregunta de partida nesta investigación é, polo tanto, por que existen dificultades na coordinación intergubernamental, sobre todo se se ten en conta que tanto goberno central como gobernos autonómicos se beneficiarían con maiores niveis de cooperación. O obxectivo último, de carácter aplicado é explorar posibles mecanismos institucionais cuxo deseño permita non só a toma de decisións común, senón tamén a implementación das políticas públicas, atendendo tanto ás necesidades de cada comunidade autónoma como ao interese xeral de todo o Estado español.

A investigación, desenvolvida ao longo do ano 2006 e que continuará no seguinte exercicio, foi deseñada, dirixida e executada polo persoal da “Unidade de Investigación” da EGAP. Inclúe non só a análise de fontes normativas e documentais, senón a realización dun traballo de campo, xa rematado, consistente en corenta e oito entrevistas en profundidade ao persoal político e aos altos funcionarios, tanto da Administración central como das diversas Comunidades Autónomas, dirixidas a obter información sobre o funcionamento efectivo dos mecanismos de coordinación e cooperación intergubernamental actualmente existentes e a pescudar posibles vías de redeseño institucional.

Os primeiros resultados desta liña de traballo son un documento técnico no que se detallan o marco xeral e o deseño específico da investigación e un informe preliminar baseado nunha análise exploratoria das entrevistas realizadas.

9. Posta en funcionamento dunha **liña de traballo sobre “atribución de responsabilidade sobre políticas públicas nun sistema de goberno multi-nivel”**, deseñada, dirixida e executada polo persoal da “Unidade de Investigación” da EGAP. O sentido xeral desta investigación é o de determinar en que medida o reparto de competencias entre diferentes niveis de goberno (e mesmo a distribución dunha mesma competencia entre diversas administracións) que se

ten producido como consecuencia do desenvolvemento do Estado autonómico afecta á capacidade dos cidadáns para atribuír responsabilidades aos diferentes poderes públicos e, polo tanto, dificulta o correcto funcionamento dos mecanismos de control do goberno e da Administración pola cidadanía, que están na base do sistema democrático-representativo.

A investigación realízase fundamentalmente mediante análise de datos de enquisa. Nunha primeira fase, procedeuse a unha comparación de información procedente dunha enquisa realizada polo “Centro de Investigación Sociolóxicas” en 1998 cos datos da primeira das enquisas realizadas no marco do “sistema de información sobre a sociedade galega no eido da Administración pública” que a EGAP ven de poñer en funcionamento. Esta análise comparativa deu lugar a un “documento de traballo” centrado na medición (e identificación dalgúns dos factores determinantes) do coñecemento que os cidadáns teñen sobre a distribución de competencias e responsabilidades entre distintos niveis de goberno.

10. Comezo dun proxecto de **investigación sobre “capital social e vertebración da sociedade civil en Galicia”**, deseñado, dirixido e executado polo persoal da “Unidade de Investigación” da EGAP. O seu obxectivo central é facer un estudo sistemático sobre o grao e as características do capital social na sociedade galega, o que implica describir as redes sociais informais e o

tecido asociativo formal da sociedade galega, analizar os niveis de confianza interpersonal e a súa influencia na configuración da confianza social e cara ás institucións políticas, e establecer unha tipoloxía de modelos de articulación da sociedade civil que amose cales son as actuacións máis recomendables para as administracións públicas nas súas relacións coa cidadanía.

Este proxecto, que ten carácter plurianual, está estreitamente vencellado á posta en marcha dunha enquisa-panel, pois o cuestionario da primeira ola desta enquisa inclúe tres seccións sobre asociacionismo, redes sociais informais e confianza social. No futuro, preténdese completar este tipo de datos coa realización dun traballo de campo sobre asociacións e axentes sociais.

11. Como se ten indicado, a “Unidade de Investigación” da EGAP puxo en funcionamento unha **“Enquisa-panel sobre sociedade e Administración en Galicia”**, coa pretensión de facer dela un instrumento básico de produción de información útil para orientar a acción da Administración autonómica en relacións con materias de interese estratéxico, tanto no que se refire a grandes ámbitos da vida social nos que a Administración ten que intervenir a través das súas políticas públicas como no que respecta á propia conformación da Administración e ao deseño dos seus mecanismos de relación coa cidadanía.

A enquisa está dirixida a unha mostra nominal representativa da poboación galega, con 4.200 unidades mostradas, e ten un deseño estratificado polietápico, con selección inicial dos municipios nos que se efectúan as enquisas (todos os de 10.000 ou máis habitantes e unha selección aleatoria dos que teñen unha poboación inferior a 10.000 habitantes) e selección aleatoria estratificada dos individuos a entrevistar en cada municipio, tendo en conta os tamaños dos termos municipais e diversas variables sociodemográficas.

O contido do cuestionario aplicado na primeira fase da enquisa-panel, correspondente ao ano 2006, está dedicada fundamentalmente a recoller información básica, tanto actual como retrospectiva, sobre as características e comportamentos dos entrevistados no ámbito laboral, familiar, reprodutivo, de sociabilidade formal e informal, e actitudinal. Nas fases posteriores, se procederá á realización de novas roldas de entrevistas (dúas ao ano), nas que se actualizará a información nos eidos xa indicados e se incluírán módulos adicionais, variables dunha ola a outra, sobre materias de especial relevancia pública.

O deseño desta investigación, en todas as súas fases e aspectos (deseño mostral, redacción do cuestionario, preparación do material necesario para o traballo de campo), foi realizada polo persoal da “Unidade de

Investigación” da EGAP, que é tamén o encargado da explotación e análise da información da enquisa e da redacción dos correspondentes informes de resultados. O traballo de campo foi adxudicado á empresa “Enquisa S.L.” a través dun concurso público.

| Grupos de discusión | |
|------------------------------------|-----------|
| ÁREAS METROPOLITANAS | 12 |
| FORMACIÓN DE FAMILIAS E NATALIDADE | 14 |
| NECESIDADES FORMATIVAS | 8 |
| TOTAL | 34 |

| Entrevistas en profundidad | |
|------------------------------------|------------|
| ÁREAS METROPOLITANAS | 24 |
| FORMACIÓN DE FAMILIAS E NATALIDADE | 30 |
| DESCENTRALIZACIÓN | 48 |
| TOTAL | 102 |

| Cuestionarios | |
|---|---------------|
| NECESIDADES FORMATIVAS | 754 |
| ENQUISA PANEL | 4.200 |
| PERCEPCIÓN DOS CIDADÁNS SOBRE A ADMINISTRACIÓN (Q INDICE) | 5.600 |
| ÁREAS METROPOLITANAS | 37 |
| TOTAL | 10.591 |

07.

Públicaciones

7.1 Publicacións periódicas



Núm. 1

Título: Revista Administración & Cidadanía

Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

7.2 Publicacións non periódicas

Colección «Monografías»

Núm. 1

Título: El Decoro urbanístico en Galicia

Autora: Almudena Fernández Carballal

Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

Núm. 2

Título: As conurbacións galegas desde unha perspectiva comparada

Autores: Relatores das xornadas celebradas os días 30 e 31 de marzo de 2006. EGAP. Santiago de Compostela.

Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

Núm. 3

Título: 25 anos de autonomía en Galicia: mudanzas políticas e económicas

Autores: Ignacio Lago Peñas e Santiago Lago Peñas.

Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.



Colección «Documentos de traballo»




Núm. 1

Título: Urbanismo e territorio en Galicia: reflexións para o futuro
Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

Núm. 2

Título: Detección de necesidades formativas do persoal ao servizo da administración autonómica: un deseño de investigación.
Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.



Colección «Informes»

Núm. 1

Título: Informe sobre a Revista Galega de Administración Pública e proxecto de redeseño
Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

7.2 Outras publicacións

Título: Memoria da EGAP 2005 (formato CD-ROM)
Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.

administración & cidadanía.

Escola galega de administración pública



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
XUSTIZA

27
setembro
2006

B. Guy Peters

Antonio Izquierdo Escribano

José Luis Méndez Barreiro

Presentación da revista Administración & Cidadanía. Santiago, 27/09/2006.

08.

Convenios

- 01.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, para a organización conxunta dun curso específico de formación ao abeiro da disposición adicional vixésima segunda da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (16/01/06).
- 02.- Acordo de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Cruz Roja Española en Galicia, para organización do máster sobre xestión de entidades non lucrativas (27/01/06).
- 03.- Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Escola Galega de Administración Pública, para a realización do módulo de urbanismo integrado no máster en Administración local da USC (15/02/06).
- 04.- Acordo de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello de Santiago de Compostela, para a organización conxunta de cursos de formación (04/04/06).
- 05.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento dun proxecto de investigación destinado ao aproveitamento das TIC nas diferentes áreas nas que traballa a EGAP (11/05/06).
- 06.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para a organización conxunta do curso de inspección en materia de servizos sociais (19/05/06).
- 07.- Acordo de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello da Coruña, para a organización conxunta de cursos de formación (26/05/06).
- 08.- Acordo de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), para a organización conxunta de cursos relacionados con fondos comunitarios (31/05/06).
- 09.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, para o desenvolvemento dun proxecto de investigación consistente nun diagnóstico de necesidades formativas do persoal da administración autonómica galega (06/06/06).
- 10.- Acordo de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a organización conxunta dos seguintes cursos: Planeamento de desenvolvemento, Valoracións urbanísticas e Sistemas de actuacións (19/06/06).

- 11.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e Caixanova, para a organización conxunta dun curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia “programa de dirección innovadora 2006” (11/06/06).
- 12.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Xunta de Galicia e a Fundación Claudio San Martín para a realización dun curso Superior de Dereito Público (14/06/06).
- 13.- Acordo de cooperación entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Centro Europeo das Rexións, Antena do Instituto Europeo de Administración Pública (IEAP) en Barcelona (30/06/06).
- 14.- Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Escola Galega de Administración Pública, para a realización de cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal adscrito á devandita consellería (18/07/06).
- 15.- Acordo de cooperación entre a Escola d’Administració Pública de Catalunya e a Escola Galega de Administración Pública (26/09/06).
- 16.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para a organización conxunta de cursos destinados a informadores xuvenís da rede galega de información e documentación xuvenil (19/07/06).
- 17.- Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Escola Galega de Administración Pública, para a realización de cursos de prevención de Riscos Laborais (19/07/06).
- 18.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e as universidades de Santiago de Compostela, de Vigo e da Coruña en materia de actividades formativas para o persoal de administración e servizos (27/10/06).
- 19.- Acordo de colaboración entre a Escola de Administracións Públicas Caixanova e a Escola Galega de Administración Pública, para a realización de programas de xestión e un máster en Administración Pública (30/10/06).
- 20.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Fundación Universidade da Coruña, para o desenvolvemento dun proxecto de detección de necesidades e formación de técnicos especializados en estranxeiría nas Administracións Públicas (31/10/06).
- 21.- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello de Lugo para a organización conxunta dunha xornada titulada “Ética pública e control democrático” (22/11/06).

Unidade responsable: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións.



Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, para o desenvolvemento dun proxecto de investigación consistente nun diagnóstico de necesidades formativas do persoal da administración autonómica galega (06/06/06).



Acordo de cooperación entre a Escola Galega de Administración Pública e a Escola D'Administració Publica de Catalunya. (26/09/06)

09.

**Biblioteca - Centro
de documentación**

9.1 Servizos

Durante o ano 2006 realizáronse seguintes servizos:

Servizo de préstamo de libros:

- Realizáronse **369 préstamos**.

Servizo de información e referencia:

- Houbo 79 peticións de información sobre temas xurídicos, solicitadas persoalmente, por vía telefónica ou por correo. Normalmente a información requirida foi bibliográfica, lexislativa e xurisprudencial sobre un tema e un período concreto, e os solicitantes foron persoal investigador da EGAP, da universidade ou funcionarios.
- Para efectuar as buscas de información bibliográfica empregáronse as bases de datos en disco óptico do ISBN, CSIC e bibliografía española, así como boletíns de información de organismos oficiais, repertorios bibliográficos, libros e publicacións periódicas da biblioteca.
- Para realizar as buscas de lexislación e xurisprudencia, empregáronse as bases de datos on line e DVD-ROM de Aranzadi de lexislación (desde 1929), xurisprudencia (estatal desde 1979 – Salas do Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional- e de tribunais superiores de xustiza e audiencias provinciais), convenios colectivos e lexislación das Comunidades Autónomas, a base de datos en CD-ROM de La Ley ecoiuris; tamén se utilizaron nesta tarefa boletíns oficiais, revistas xurídicas, coleccións de textos legais e repertorios impresos de lexislación e xurisprudencia española e estranxeira.
- Para a elaboración das ditas buscas accedeuse, tamén a través de Internet, aos distintos catálogos de bibliotecas nacionais (Biblioteca Nacional de España, Library of Congress, British Library...), bibliotecas universitarias, etc. Así como as diferentes páxinas web de organismos oficiais, entre elas, á do Congreso dos Deputados e do Senado de España.
- A biblioteca conta cun OPAC (Catálogo Público de Acceso en Liña), no cal os usuarios poden consultar os rexistros informatizados no Sistema Integral de Bibliotecas do programa Biblio 3000.

9.2 Incorporación de fondos

- **Libros:**

Neste ano entraron na biblioteca, ben mediante doazón, ben mediante compra, 278 títulos de libros. Actualmente o fondo de monografías da biblioteca está composto por 11.563 unidades bibliográficas.

- **Publicacións periódicas:**

O fondo de publicacións periódicas está constituído por 191 títulos, sendo 11 deles títulos de boletíns e diarios oficiais, 34 de publicacións periódicas gratuítas e de 10 xornais.

9.3 Difusión

- **Boletín de novidades:**

Realizáronse 3 boletíns de novidades (correspondentes aos meses de outubro, novembro e decembro) onde se recollen as adquisicións mensuais, que se lles facilita aos distintos servizos da escola, e que tamén están a disposición dos usuarios da biblioteca.



10.

**Resumo
estatístico**

10.1 Formación do persoal da Administración Autonómica

Actuacións formativas - 2006. (Totais autonómico)

| | |
|-----------------------------|--------|
| Nº de actuacións formativas | 143 |
| Nº de edicións | 386 |
| Horas de formación | 11.121 |
| Prazas | 9.309 |


Actuacións formativas da EGAP (Autonómico)

| | |
|-----------------------------|-------|
| Nº de actuacións formativas | 39 |
| Nº de edicións | 204 |
| Horas de formación | 7.439 |
| Prazas | 5.249 |


Actuacións formativas das Consellerías (Formación continúa)

| | |
|-----------------------------|-------|
| Nº de actuacións formativas | 104 |
| Nº de edicións | 182 |
| Horas de formación | 3.682 |
| Prazas | 4.060 |


Nº de edicións de actuacións formativas




Nº de horas de formación



Prazas das actuacións formativas




Nº de edicións das actuacións de formación continua das consellerías



- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Consellería de Economía e Facenda
- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Consellería de Innovación e Industria
- Consellería do Medio Rural
- Consellería de Cultura e Deporte
- Consellería de Sanidade
- Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
- Consellería de Traballo
- Órganos Estatutarios

Nº de prazas totales das actuacións de formación continua das consellerías




10.2 Formación do persoal da Administración Local e doutras administracións

Actuacións formativas - 2006. (Totais local e outras administracións)

| | |
|-----------------------------|-------|
| Nº de actuacións formativas | 32 |
| Nº de edicións | 63 |
| Horas de formación | 1.127 |
| Prazas | 1,813 |


Nº de edicións das actuacións formativas



Actuacións formativas da EGAP (Autonómico)

| | |
|-----------------------------|-----|
| Nº de actuacións formativas | 11 |
| Nº de edicións | 25 |
| Horas de formación | 519 |
| Prazas | 551 |


Horas de formación



Actuacións formativas en colaboración con outras institucións

| | |
|-----------------------------|-------|
| Nº de actuacións formativas | 21 |
| Nº de edicións | 38 |
| Horas de formación | 608 |
| Prazas | 1.262 |


Prazas das actuacións formativas



10.3 Formación continua do persoal da Administración de Xustiza

Actuacións formativas Administración de Xustiza - 2006. Totais

| | |
|-----------------------------|-------|
| Nº de actuacións formativas | 19 |
| Nº de edicións | 49 |
| Horas de formación | 651 |
| Prazas | 2.935 |




Actuacións formativas en modalidade presencial

| | |
|-----------------------------|-----|
| Nº de actuacións formativas | 8 |
| Nº de edicións | 38 |
| Horas de formación | 456 |
| Prazas | 885 |




Actuacións formativas en modalidade de teleformación

| | |
|-----------------------------|-------|
| Nº de actuacións formativas | 11 |
| Nº de edicións | 11 |
| Horas de formación | 195 |
| Prazas | 2.050 |




10.4 Cursos superiores e de especialización

| | |
|--------------------|-----|
| Nº de edicións | 3 |
| Horas de formación | 572 |
| Prazas | 179 |



10.5 Xornadas, seminarios e conferencias

| | |
|---------------------|-------|
| Nº de actuacións | 23 |
| Nº de edicións | 29 |
| Horas de actividade | 204 |
| Prazas | 1.649 |



10.6 Investigación

Bolsas de investigación - 2006

| | |
|---------------------------|-----|
| Nº de bolsas (diferentes) | 5 |
| Nº total de bolsas | 14 |
| Nº de solicitantes | 294 |


Premios - 2006

| | |
|---------------------------|-------|
| Nº de premios | 2 |
| Dotación total (en euros) | 9.570 |

Estudios - 2006

| | |
|--|---------------|
| Grupos de discusión | 34 |
| Entrevistas en profundidad | 102 |
| Cuestionarios | 10.591 |
| Total estudios de investigación | 10.727 |

Nº de estudios de investigación




10.7 Resumo estatístico: totais actividades e convenios do 2006

| Actividades formativas en xeral - 2006 | Nº edicións | Nº horas | Asistentes |
|---|-------------|---------------|---------------|
| Cursos formación autonómica | 386 | 11.121 | 9.309 |
| Cursos formación local e colaboracións outras Admons. | 63 | 1.127 | 1.813 |
| Cursos formación xustiza | 49 | 651 | 2.935 |
| Cursos superiores ou de especialización | 3 | 572 | 179 |
| Xornadas, seminarios e outros eventos | 29 | 204 | 1.649 |
| TOTAIS | 530 | 13.675 | 15.885 |

| Actividades formativas de investigación - 2006 | Nº total de actividades |
|--|-------------------------|
| Bolsas, premios e estudos de investigación | 10.743 |


| Convenios - 2006 | Nº total de convenios |
|--|-----------------------|
| Convenios de colaboración asinados con outras Institucións | 21 |

Nº de edicións das actividades formativas




- *Cursos formación autónómica*
- *Cursos formación local e colaboracións outras Admons.*
- *Cursos formación xustiza*
- *Cursos superiores ou de especialización*
- *Xornadas, seminarios e outros eventos*

Nº de horas das actividades formativas



Nº de asistentes das actividades formativas




10.8 Resumo estatístico: totais publicações do 2006

| Publicações periódicas | Nº de publicações |
|-------------------------------------|-------------------|
| Revista Administração & Cidadania | 1 |
| TOTAL publicações periódicas | 1 |

| Publicações non periódicas | Nº de publicações |
|---|-------------------|
| Colección Monografías | 3 |
| Colección Documentos de trabalho | 2 |
| Colección Informes | 1 |
| Outras publicações | 1 |
| TOTAL publicações non periódicas | 7 |

Nº de publicações do 2006



| | |
|--------------------------------|----------|
| Nº TOTAL de PUBLICAÇÕES | 8 |
|--------------------------------|----------|

- Revista Administração & Cidadania
- Colección Monografías
- Colección Documentos de trabalho
- Colección Informes
- Outras publicações

mm06

memoria EGAP 2006